

**PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, POR
PROCEDIMENTO NEGOCIACIÓN SEN PUBLICIDADE, FEDERACIÓN DE
INDUSTRIA DE CCOO DE GALICIA, DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DA
ACCIÓN FORMATIVA INCLUIDA NO PROGRAMA 4.1. FORMACIÓN EN
COMPETENCIAS BÁSICAS DO PROXECTO EMPREGANAV, COFINANCIADO
POLO FEAG**

Contido

1 RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN	4
<u>1.1 ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>1.2 CONTRATACIÓN.....</u>	<u>4</u>
2 OBJECTO DO CONTRATO	4
3 REQUISITOS DOS LICITADORES	6
4 ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN. FORMA DE PAGO DO PREZO	6
<u>4.1 ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN</u>	<u>6</u>
<u>4.2 FORMA DE PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN</u>	<u>6</u>
5 DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN	7
6 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.....	7
7 INVITACIÓNS AOS PARTICIPANTES SELECCIONADOS.....	7
8 PERFIL DO CONTRATANTE.....	7
9 PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN	8
10 PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN	8
11 GARANTIAS.....	10
12 APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS	10
13 ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.....	12
14 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.	13
15 EXECUCIÓN DO CONTRATO.....	13
16 MODIFICACIÓN DO CONTRATO.....	14

17 SUSPENSIÓN.....	14
18 CESIÓN DO CONTRATO.....	15
19 EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	15
<u>19.1 CUMPRIMENTO.....</u>	<u>15</u>
<u>19.2 RESOLUCIÓN.....</u>	<u>15</u>
20 SEGURIDADE E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.....	15

1 RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1 ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación do presente procedemento será a entidade Federación de Industria de CCOO de Galicia.

1.2 CONTRATACIÓN

A adjudicación da presente contratación realizarase a través do procedemento regulado no presente prego de condicións.

A empresa adjudicataria, acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados. O contrato que resulte do procedemento de adjudicación axustarase ao contido dos pregos, formando estes parte integrante do mesmo.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

Queda excluída e prohibida toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

En todo o non previsto nos presentes pregos estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en adelante, RDL 3/2011), na Lei de Subvencións e polo Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (en adelante RXLCAP).

2 OBXECTO DO CONTRATO

O contrato a que se refire este Prego ten como obxecto a realización do servizo consistente no desenvolvemento dunhas accións formativas, incluídas na actividade

4.1. FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BÁSICAS do Proxecto Empreganav.

A través deste servizo porase a disposición do alumnado, as seguintes accións formativas:

	ACCIÓN FORMATIVA	MODALIDADE	LUGAR	HORAS	Nº ALUMNOS	ORZAMENTO (SEN IVE)
1	OBTENCION DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA	MIXTO	FERROL	300 (200 P + 100 T)	7	14.250.-
2	OBTENCION DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA	MIXTO	OURENSE	300 (200 P + 100 T)	5	14.250.-
3	OBTENCION DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA	MIXTO	VIGO	300 (200 P + 100 T)	7	14.250.-
4	OBTENCION DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA	MIXTO	A CORUÑA	300 (200 P + 100 T)	8	14.250.-

No presente contrato tratarase de facilitar o desenvolvemento dos cursos indicados na táboa anterior e que deberá de incluír os seguintes aspectos:

CONTIDOS

OBTENCION DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

- ÁMBITO CENTÍFICO TECNOLÓXICO (MATEMÁTICAS, CIENCIAS E TECNOLOXÍA)
- ÁMBITO SOCIAL (CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA)
- ÁMBITO LINGÜÍSTICO (LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, LITERATURA, IDIOMA INGLÉS O FRANCÉS).

3 REQUISITOS DOS LICITADORES

Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato, en base á previa invitación de Federación de Industria de CCOO de Galicia, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60.1 do RDL 3/2011, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do RDL 3/2011.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

4 ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN. FORMA DE PAGO DO PREZO

4.1 ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN

O orzamento base de licitación, expresado en euros, fixado como cuantía máxima é de cincuenta e sete mil (57.000.-) euros sen IVE.

Nas proposicións económicas dos licitadores deberá de figurar o prezo ofrecido por hora / alumno.

A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores, comprenderán o prezo do contrato e, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, tal e como sinala o artigo 145.5 do RDL 3/2011. Nos territorios en que non resulte de aplicación o I.V.E. procederase de igual forma respecto do imposto de igual natureza que resulte de aplicación.

4.2 FORMA DE PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN

O pago do prezo do contrato realizarase á presentación das tarefas obxecto de contratación.

O pago realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato e farase efectivo nun só fito.

No caso de existir atraso ou mora no pago, o contratista deberá comunicar dita mora ou atraso a Federación de Industria de CCOO de Galicia. No caso de que o contratista non efectuase dita comunicación, Federación de Industria de CCOO de Galicia non está obrigada ao pago de intereses como consecuencia do ditado atraso.

galicia

6

5 DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de duración da prestación de servizo, que forma parte do presente contrato, entenderase dende a firma do contrato ata a prestación completa do servizo, 20 de decembro do 2013.

6 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dado o orzamento da licitación, a adxudicación do presente contrato farase por PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE de conformidade o disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro.

7 INVITACIÓNS AOS PARTICIPANTES SELECCIONADOS

Serán invitados, a lo menos, tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

As invitacións indican a data límite para a recepción de ofertas, a dirección á que deban enviarse, así como o lugar, día e hora de apertura das proposicións económicas.

Na invitación faise referencia á que os pregos e documentación complementaria xúntase coa comunicación de invitación ao procedemento negociado, ou solicitándoos nas instalacións de Federación de Industria de CCOO de Galicia situadas en Rúa Teixugueiras, nº 12-entrechán en Vigo, código postal 36212.

No expediente queda constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razón para a súa aceptación ou rechazo.

8 PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar e solicitar o perfil do contratante nas instalacións de Federación de Industria de CCOO de Galicia, situadas en Rúa Teixugueiras, nº 12-entrechán en Vigo, código postal 36212.

A información sobre a presente contratación tamén estará dispoñible na páxina web do proxecto FEAG - Empreganav www.empreganav.com

Asimesmo poderase requirir esta información a través do seguinte enderezo de correo electrónico (lfernandez@industria.ccoo.es) identificando o nome e a entidade a que representa a persoa que solicita os pregos.

9 PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no órgano de contratación, dentro do prazo de **DEZ días naturais** a contar dende o día seguinte dende a data de inserción da invitación na páxina web de Empreganav, con independencia de que a invitación sexa cursada ademais por escrito. Se poderán presentar entre as 9:00 h e 14:00 horas.

Presentarase en un sobre pechado, que poderán ser lacrado e precintado, asinado polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula "Proposicións: Documentación" do presente prego.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data de comunicación por escrito da invitación e data de publicación na páxina web do proxecto FEAG - Empreganav (www.empreganav.com) contarase a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web Empreganav.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante Fax ao número (986246611) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

10 PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN

Presentarase unha proposta que conterá tanto unha memoria técnica, onde se especifiquen as características do servizo ofertado, como a oferta económica.

No anverso do sobre que conteña a proposta figurará a mención: "PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA UN SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS INCLUIDAS NA ACTIVIDADE 4.1. FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BÁSICAS DO PROXECTO EMPREGANAV COFINANCIADO POLO FEAG, PRESENTADA POR (nome ou denominación social, domicilio, teléfono e fax)".

En canto á documentación que debe conter a proposta será a que a continuación se detalla:

A) Memoria:

Na memoria especificarase o contido e as características do servizo, obxecto do contrato :

1. Formulación da acción formativa incluída na actividade 4.1. FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BÁSICAS:
 - Obxectivos, contidos e todos os aspectos pedagóxicos previstos para a acción formativa.
 - Recursos Humanos, instalacións, medios didácticos e material dispoñible pola entidade para a impartición, xestión, coordinación e desenvolvemento da acción formativa.
2. Mecanismos xerais de seguemento, avaliación e control da aprendizaxe previstos no desenvolvemento da acción formativa.

B) Oferta económica:

A oferta económica estará formulada conforme ao modelo seguinte:

D. con domicilio en
..... rúa nº, código
postal....., teléfono, fax titular do
NIF nº....., actuando en nome propio (ou en representación de
....., con NIF/CIF e domicilio
en....., rúa, nº
....., código postal, teléfono fax
.....) toma parte no procedemento negociado sen publicidade
convocado pola Federación de Industria de CCOO de Galicia para contratar os
servizos previstos na actividade 4.1. FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BÁSICAS do
proxecto Empreganav cofinanciado polo FEAG, e fai constar que coñece e acepta o
prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexe dito contrato e que se
compromete a realizar o servizo con suxeición ao mesmo, polo importe que se sinala a
continuación:

Prezo:

- A) Prezo sen IVE euros
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Euros
C) TOTAL (A+B) Euros

galicia

9



COMISIÓN EUROPEA
CG de Empleo, Asuntos Sociales
e Inclusión
Fondo Europeo de Adaptación
a la Globalización



XUNTA
DE GALICIA

(acompañarase como anexo a descomposición de prezos dos elementos incluídos na oferta)

En, adede 2013

O Licitador (asinado e rubricado).

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar dende a apertura das proposicións.

11 GARANTÍAS

A empresa adxudicataria deberá facer o depósito en forma de aval a favor da Federación de Industria de CCOO de Galicia, no momento de formalizar o contrato de adxudicación, en concepto de garantía pola correcta execución do proxecto, por importe do 5 % da cantidade que lle sexa adxudicada.

Esta garantía responderá dos conceptos contemplados no art. 100 do RDL 3/2011.

12 APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas.

1ª Fase: Valoración dos criterios de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade (excepto o factor prezo).

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas.

Rexeite de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara sustancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

A entidade terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserta a

licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente Prego.

Criterios de valoración:

1ª Fase: Valoración dos criterios de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade (excepto o factor prezo).

Criterios de valoración nesta primeira fase:

Presentanse, de seguido, os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas.(

- Amplia experiencia na Formación de Adultos. (15 puntos)
- Dispoñibilidade de medios humanos propios para a xestión e desenrolo das accións formativas. (5 puntos)
- Dispoñer de sistemas tutoriais con mecanismos de seguimento, avaliación e control do aprendizaxe. As tutorías constitúen un dos elementos fundamentais de individualización e personalización da formación impartida, atendendo os requirimentos específicos do alumnado. Os obxectivos da tutoría son, fundamentalmente, os de apoiar, orientar e avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado resolvendo dúbidas, propondo actividades de ampliación ou reforzo e, en definitiva, realimentando devandito proceso en función do nivel inicial de coñecementos, os resultados das avaliacións e os datos obtidos pola acción tutorial. (20 puntos)
- Instalacións, medios didácticos e material (15 puntos)
 - o Dispoñer de Aplicación Informática para cursos en modalidadeTeleformación.
 - o Dispoñibilidade de locais no ámbito de Galicia.
 - o Dispoñibilidade de guías didácticas propias para as materias obxeto da convocatoria.
- Poseer procedimentos de calidade acordes as materias a impartir. (10 puntos)
- Dispoñer dunha metodoloxía de impartición que se fundamente nunha combinación de elementos que impulsan a adaptación aos distintos requirimentos e necesidades, tanto individuais como da materia a impartir: (10 puntos)

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas.

Oferta económica: (25 puntos) Outorgarase valoración 0 ás ofertas realizadas ao tipo e valoración máxima á oferta máis económica ata un 15% de baixada respecto ao prezo máximo previsto, valorándose o resto proporcionalmente mediante regra de tres.

Cráterios de desempate

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do RDL 3/2011.

Renuncia:

A presentación da oferta vencella ao contratista coa entidade de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á entidade contratante a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados polo contratante e demais consecuencias previstas no RDL 3/2011.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola entidade terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron anteriormente.

13 ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.

O adxudicatario deberá presentar:

- a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Acreditación documental da dispoñibilidade dos medios persoais ofertados.

14 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

15 EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos presentes pregos, observando fielmente o establecido no mesmo.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde de Federación de Industria de CCOO de Galicia será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para Federación de Industria de CCOO de Galicia como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordó co establecido no artigo 305 do RDL 3/2011. Se o contrato se execútase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire este parágrafo.

O contratista establecerá e manterá á súa costa, durante a execución dos traballos, os medios materiais e o equipo profesional comprometido. Esta obrigación comporta a asunción polo contratista de tódalas obrigacións sociais, laborais e económicas derivadas dos citados medios materiais e persoais precisos. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador, sendo Federación de Industria de CCOO de Galicia de todo allea a ditas relación laborais. Por conseguinte, incumbe especificamente ao contratista o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde non traballo.

O contratista deberá gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e cheguen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

O contratista non poderá facer uso da información e documentación recollida ou elaborada no curso dos traballos, nin publicar, divulgar ou proporcionar a terceiros ningún dato ou documento procedente dos traballos de non mediar consentimento expreso de Federación de Industria de CCOO de Galicia, obrigándose a resarcir a mesma polos prexuízos que por incumprimento de dito compromiso puideran irrogarse.

16 MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación, poderá introducir modificacións no contrato cando resulte xustificadas para atender causas imprevistas o sobrevidas ou concorran as circunstancias ou acontecementos que, obxectivamente considerados, xustifiquen a necesidade da modificación e a proporcionalidade deste.

O contratista virá obrigado a executalas sempre que non afecten ás condicións esenciais do contrato e o seu importe acumulado non exceda do 20 por 100 do prezo do contrato. Se o modificado incluía novas unidades, negociaranse os aspectos contraditorios e, se non existise acordo, o contratista quedará liberado da súa execución, podendo o órgano de contratación executalas directamente ou contratar a súa execución con terceiros.

17 SUSPENSIÓN.

O órgano de contratación, por razón xustificadas, poderá suspender, total ou parcialmente, a execución do contrato, sen prexulzo da compensación que, no seu caso, puidese corresponder ao contratista cando dita suspensión non lle fose imputable.

18 CESIÓN DO CONTRATO.

Non se permite a cesión polo adxudicatario dos dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro.

19 EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución:

19.1 CUMPRIMENTO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do contrato e coa satisfacción da entidade contratante, a totalidade do seu obxecto.

Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas polo contratista as súas obrigas derivadas do contrato, este considerárase extinguido a todos os efectos.

19.2 RESOLUCIÓN.

Para a resolución do contrato darase audiencia ao contratista.

A extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal de Federación de Industria de CCOO de Galicia.

20 SEGURIDADE E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.

O adxudicatario obrígase ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, e en particular ao disposto no artigo 12 de devandito texto legal, e do Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

Toda a información ou documentación que o adxudicatario obteña de Federación de Industria de CCOO de Galicia para a execución do obxecto de contratación terá carácter confidencial e non poderá ser comunicada a terceiros sen o consentimento previo e por escrito por parte de Federación de Industria de CCOO de Galicia. Exclúese da categoría de información confidencial toda aquela información que sexa

galicia

divulgada por Federación de Industria de CCOO de Galicia ou aquela que haxa de ser revelada de acordo coas leis.

O adxudicatario será responsable do cumprimento das obrigacións de confidencialidade do persoal ao seu servizo.

O adxudicatario comprométese a manter durante a vixencia do contrato e tras a finalización do mesmo, o segredo e a confidencialidade de cantos datos e informacións teña acceso en virtude do servizo que lle é contratado, asumindo devandita responsabilidade ante Federación de Industria de CCOO de Galicia e respecto de todo o persoal que interveña nos mesmos. Así mesmo, comprométese a cumprir as esixencias que impón a Lei 15/1999 Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

VIGO, a 1 de febreiro do 2013



federación de industria

Asdo: D. NICOLÁS PATO PÉREZ